

Actividades ano 1991:

Comezou este ano, coa constitución da nova Xunta Directiva, tal e como se quedara da asemblea de decembro. Ás 16 horas do día 19 de xaneiro, reuníronse na biblioteca do Centro Cultural, a xunta directiva saínte, e que xa tiña presentado a súa dimisión, e os membros que ían formar a nova xunta. Nela, a presidenta da anterior xunta directiva, deu lectura ao Inventario de material e o estado de contas que é aceptado por todos os presentes e asinado pola nova Presidenta D^a Rosa M^a García Fernández.

Despois de brindar todo o seu apoio, retíranse os membros da xunta directiva saínte e toma a palabra D^a Rosa M^a García Fernández para proceder a constituír a nova xunta que quedou da seguinte forma:

Presidenta: *D^a Rosa M^a García Fernández.*

Secretaria: *D^a Amparo Pérez Ferreiro.*

Vicepresidenta: *D^a Dosinda Alonso Pájaro.*

Tesoureiro: *D. Antonio Fernández Viz.*

Vogais:

D^a Blanca Maceira Balboa. (representante Grupo Baile Xirandola).

D. Samuel Pérez Llobell. (representante Banda de M. de Bandeira).

D. José López Casal. (representante S. D. Bandeira).

Convocou Rosa á nova Xunta Directiva para o sábado día 26 de xaneiro ás 16 horas para organizar xa as actividades do mes de febreiro, e puxéronse a traballar arreo, coa ilusión de quen chega a un lugar onde hai moito que facer, e xa veremos como foron moitas as ideas postas en marcha.

Novidade significativa, foi a celebración do Día da Paz (*ver foto 10*). Celebrouse o día 3 de febreiro de 1991 coa asistencia dos rapaces da Bandeira e arredores, e fíxose unha solta de globos, proxección de películas e os cativos elaboraron debuxos relacionados con este día. Finalmente, e como premio á colaboración, serviuse unha merenda. Logo chegou a Festa Infantil do Entroido, o 9 de febreiro, que conseguiu, como en anos anteriores, ter unha gran asistencia de rapaces, que participaron en xogos, piñatas, sorteos de contos, refrescos, e un longo etc.

Especial relevancia tivo neste ano o tempo dedicado ás artes plásticas, comezando polo Taller de Pintura que tivo lugar nos meses de marzo e abril. As clases foron impartidas por un profesor licenciado en Belas Artes, contou coa asistencia dunhas vinte persoas, que desenvolveron distintas actividades.

Ao remate do curso de pintura, e como colofón desta exitosa iniciativa, celebrouse

do día 21 ao 25 de xuño, unha exposición dos traballos realizados polos alumnos/as asistentes, unha exposición visitada por gran número de persoas.

Seguindo no ámbito de dedicación aos nenos e nenas, tiveron lugar as Actividades Infantís, e dende o 8 ao 23 de xullo deste ano desenvolvéronse no Centro actividades dedicadas a rapaces e rapazas, nas que fixeron xogos, debuxos, teatro, traballos manuais, cancións, etc. Estas actividades desenvolvéronse grazas á colaboración do Concello.

Foi moi destacable tamén neste ano, a incorporación á programación, de certa formación regrada, como por exemplo o primeiro Curso de Iniciación á Lingua Galega, que durou dende o día 14 de outubro ata o día 19 de decembro do ano 91. A el asistiron 39 persoas. Este curso foi realizado coa subvención da Consellería de Educación e impartido por unha profesora licenciada en lingua galega. Moi importante tamén foi o Curso de Graduado Escolar. Dende finais do mes de outubro impartíuse tamén no Centro un Curso de Graduado Escolar dirixido a persoas que non puideron obtelo antes, supoñendo para todos eles/elas unha grande oportunidade. A este curso asisten unhas vinte persoas.

Continuou, como cada ano, a colaboración estreita coas entidades con sede no Centro, coa Banda de música, co grupo de baile Xirandola, coa sociedade deportiva, co equipo de fútbol sala que o Centro patrocina, pagándolles a inscrición nos campionatos que se celebran ao longo do ano, e, tamén moi importante, colabora a asociación coas festas da empanada, na que segue coa doazón do premio á orixinalidade. Sobre-saínte tamén é o traballo de biblioteca, onde moitos estudantes acoden facer os seus traballos e en busca de información. Alí atopan os seus numerosos volumes, e se isto non fose así, búscase o libro axeitado antes de 24 horas.

Rematou este “exercicio” da asociación, coa celebración dunha moi concorrida Festa de Fin de Ano, o día 31 de decembro, organizada pola Sociedade Deportiva de Bandeira. Deste xeito, búscase reforzar a unión entre veciños e veciñas, ao tempo que non tiveron que desprazarse fóra da Bandeira para celebrar a despedida do ano.